

"E despois do 29-S? Folga de consumo contra o capitalismo o 21 de decembro!

21 DE DESEMBRO. FOLGA DE CONSUMO CONTRA O CAPITALISMO
XORNADA SEN CONSUMO, D A SEN COMPRAS

POR QUE UNHA FOLGA DE CONSUMO?

Tras a Folga Xeral do 29-S, traballando pola convocatoria de novas folgas xerais no estado español e unha Folga Xeral europea, proseguimos cun calendario de mobilizacións, manifestacións, de loitas en fábricas, empresas, sectores, territorios... contra as políticas antisociais do goberno, a reforma laboral, a reforma das pensións, os recortes sociais e laborais, ata conseguir a derrogación de todas estas leis e instaurar as bases dun novo modelo social, económico e produtivo que non estea baseado no produtivismo, o crecemento indiscriminado, a política de desenvolvemento, a explotación, o consumismo.

Loitar contra o consumismo é loitar contra o capitalismo, renunciando á dilapidación dos recursos, ao incremento da producción co só obxectivo de obter beneficios pasando por encima da saúde e da calidade de vida dos traballadores ou a propia continuidade da vida no planeta.

O **consumismo** é o estilo de vida propio deste sistema social neoliberal, que explota as persoas, espolia os recursos dos países pobres, xera a enfermidade crónica da insatisfacción permanente e non valora a satisfacción das necesidades senón que nos converte en obxectos escravos de todo o superfluo e innecesario que o mercado nos presenta.

QUE É A FOLGA DE CONSUMO?

É moito más que un día sen compras. Supón reformularse o sistema produtivo que padecemos. Implica unha reflexión moi crítica sobre os hábitos e tipo de vida que temos, como actuamos, que pensamos, para que traballamos, que sentido ten a propiedade, en que gastamos o que gafamos... Implica unha aposta pola austeridade, unha aposta pola repartición do traballo e da riqueza, unha aposta polo decrecemento, contra a ostentación, o luxo, o dispendio, o superfluo...

Significa cambiar a orde de prioridades sobre o que se debe seguir producindo, en que sectores seguir crecendo e en que sectores é necesario decrecer, unha reflexión sobre o que se debe consumir, sobre a calidade de vida, sobre a soberanía alimentaria, sobre a procedencia dos produtos que comemos, sobre a solidariedade cos países e persoas explotadas polo primeiro mundo, sobre a necesidade de reciclar, de compartir, de apoiamos mutuamente, sobre o tipo de enerxía renovable que hai que potenciar...

A Folga de Consumo supón afirmar a nosa capacidade de autonomía e autoxestión fronte a un sistema produtivo capitalista que entende as persoas tan só como consumidores ou recursos que hai que explotar.

Trátase de boicotear e non adquirir ningún tipo de ben, produto ou servizo durante o próximo 21 de decembro, co obxectivo de paralizar o sistema produtivo, as grandes empresas, bancos, multinacionais e obrigar os gobernantes do estado central, autónomico e local para que corrixean a súa actual política económica insostenible e antisocial que maltrata, despreza e despoxa a todos os colectivos desfavorecidos.

QUEN PODE FAZER A FOLGA?

A diferenza dunha Folga Xeral, a Folga de Consumo, pode ser secundada por toda a sociedade, empezando polos que máis están a sufrir esta crise: as persoas paradas, xubiladas, traballadoras, autónomas, estudantes, etc.

COMO PARTICIPAR NA FOLGA?

Non comprando, nin adquirindo, nin consumindo calquera tipo de ben, producto ou servizo que non sexa imprescindible. Por exemplo:

Ao levantarnos, consumir a mínima cantidade de electricidade ou auga, baixar o termostato varios graos, non usar produtos contaminantes, tóxicos...

Realizar os desprazamentos en medios públicos de transporte e, se é posible, andando ou en bicicleta. Se fose imprescindible o uso dun vehículo particular, procurar non viaxar sós ou soas e compartir o desprazamento con outras persoas.

Non comprar nos grandes almacéns, centros comerciais, supermercados, bancos, gasolineras, bares, cafetarías, restaurantes, comercios, empresas de venta telefónica ou por Internet...

Evitar o consumo telefónico, o uso das tarxetas, o envío de correo electrónicos, a instalación de calquera servizo...

Retirar o diñeiro dos bancos (quen o teña) para que comprendan que o diñeiro é noso e que temos poder para transformar a realidade.

CONTRA QUEN VAI A FOLGA?

A Folga de Consumo non se fai contra o pequeno comercio ou autónomos, que tamén están a pagar a crise que bancos, multinacionais e especuladores provocaron. Estes sectores poden e deben apoiar esta folga.

A Folga de Consumo realizarase contra os responsables da crise (banca, especuladores, patronal, clase política). Os grandes bancos, multinacionais e especuladores que ocasionaron a crise do mercado financeiro mundial e que recibiron axudas de decenas de miles de millóns dos contribuyentes, están agora a forzar aos gobernos para atrasar a idade de xubilación aos 67 anos, para abaratar ainda máis o despedimento tal e como xa conseguiron coa Reforma Laboral, para privatizar a Seguridade Social pola vía do copagamento, queren recortar máis dereitos sociais e laborais, seguir reducindo o noso poder adquisitivo rebaixando ou conxelando ainda máis salarios e pensións..., e é necesario paralos.

Con esta Folga podemos demostrar en mans de quen está a clave da transformación social e definir un novo modelo produtivo e social non baseado no consumismo, a especulación e a explotación das persoas e do planeta.